



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO” (AGASFRA), PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO PILOTO DE EMPREGO PERSONALIZADO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

En Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte:

D. José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 239 do 16 de decembro), no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social (DOG nº 232 do 4 de decembro, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra Parte:

D. Eladio Fernández Pérez, con D.N.I. nº 34.242.673-C que actúa en nome e representación da entidade “Asociación Galega San Francisco” (en diante, AGASFRA), con CIF nº G-36.613.891 en virtude da súa condición de Presidente dela, segundo o artigo 35 dos Estatutos da entidade, con domicilio social na Rúa de Cangas nº 14, Vigo-Pontevedra



As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,



XUNTA DE GALICIA

EXPONEN

PRIMEIRO:

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

SEGUNDO:

Que a Consellería de Política Social é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde levar a cabo a política en materia de atención ás persoas con discapacidade segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

TERCEIRO:

Que a entidade “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), é unha entidade sen fins de lucro que figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co número E-111, sendo a súa principal finalidade, de acordo cos seus estatutos, mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e a das súas familias, con actuacións baseadas na transparencia informativa, a solidariedade entre todos os seus membros, a igualdade e a democracia interna.

Dita entidade, ten como obxectivos, de acordo cos seus estatutos:

- a) Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade intelectual.
- b) Promover a integración social e a normalización das persoas con discapacidade intelectual.
- c) Fomentar actitudes sociais positivas para as persoas con discapacidade intelectual.

CUARTO:

Ambas as partes son conscientes da necesidade de crear contornas xeradoras de oportunidades e promotoras da cidadanía plena para as persoas con discapacidade intelectual, maximizando as súas oportunidades de inclusión na comunidade e ofrecendo apoios personalizados para cada persoa, entre os cales está o conxunto de estratexias denominada “Emprego personalizado” ou “Emprego a medida”. Esta necesidade afecta tanto ás persoas usuarias dos centros da entidade AGASFRA como en xeral ao conxunto das persoas con discapacidade intelectual.

O Emprego Personalizado é unha combinación flexible de estratexias, servizos e apoios deseñados para aumentar e xerar oportunidades laborais para demandantes de emprego con máis necesidades de apoio e/ou necesidades complexas por medio da autorepresentación e a negociación personalizada. O Emprego Personalizado pretende facilitar o acceso ao emprego daquelas persoas con discapacidade que tradicionalmente



XUNTA DE GALICIA

quedan excluídas dos servizos e das ofertas de emprego e en última instancia o fomento da autonomía e a independencia persoal así como a calidade de vida e benestar da persoas con discapacidade intelectual. É neste ámbito onde o proxecto adquire interese para a consellería xa que os obxectivos do proxecto coinciden cos das políticas de promoción da autonomía e prevención da dependencia, dentro do ámbito das súas competencias.

As prácticas de emprego personalizado, que se suman ás xa existentes de emprego con apoio, introducíronse en España, por primeira vez, este mesmo ano 2017. Baixo a coordinación da Confederación Plena Inclusión, tres federacións autonómicas (FADEMGAL Plena Inclusión Galicia, Plena Inclusión Asturias e Plena Inclusión Ceuta) desenvolven durante este ano un programa pioneiro en materia de Emprego Personalizado. A entidade AGASFRA, titular do proxecto que pretende fomentar a consellería, é a que desenvolve estas prácticas na nosa comunidade autónoma.

Este proxecto piloto goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos que se prevé a posibilidade de excepcionar o réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Igualmente, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de urxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Neste contexto, o proxecto é singular porque o seu contido non é exactamente encadrable en ningún dos servizos da carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia regulados polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro, na que se encadran actuacións, dentro da área de apoio para o desenvolvemento profesional e social para persoas dependentes en idade laboral, tales como formación prelaboral, formación ocupacional, formación práctico-laboral ou emprego con apoio. É por isto que o proxecto obxecto deste convenio de colaboración supón unha novidade máis aló da carteira de servizos sociais no ámbito da prevención e atención ás persoas con dependencia, en particular, as persoas con discapacidade intelectual, do que se pretenden obter resultados transferibles aos servizos públicos respectivos.

QUINTO:

Que conforme aos seus fins estatutarios, AGASFRA é titular dun Centro Especial de Emprego e de diversos servizos de atención residencial e diúrna para persoas con discapacidade intelectual, entre cuxas persoas usuarias existe un número abondoso de perfís axeitados para a posta en marcha deste proxecto.

Por todo o anterior, as dúas partes que subscriben o presente convenio teñen un interese mutuo na posta en marcha dun proxecto piloto de emprego personalizado para persoas





XUNTA DE GALICIA

con discapacidade intelectual e consideran que ese é o instrumento de colaboración mais axeitado para a súa execución.

Chegando as partes a un acordo e recoñecéndose mutua capacidade, outórgase este convenio, segundo as seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA

O obxecto deste convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social no desenvolvemento dun proxecto piloto de emprego personalizado para persoas con discapacidade intelectual usuarias do Centro Especial de Emprego e doutros servizos dos que a entidade Asociación Galega San Francisco (AGASFRA) é titular.

En concreto o proxecto dirixirase a dous grupos de persoas: persoas con discapacidade intelectual, traballadoras de Centro Especial de Emprego nun rango de idades entre de 45 e 55 anos e persoas con discapacidade intelectual usuarias doutros servizos, maiores de 21 anos e con maiores necesidades de apoio, todas elas cun grado de discapacidade do 65% ou superior, e grado II o III de dependencia. En conxunto estímase que o proxecto se dirixirá a un máximo de 25 persoas.

En particular, o obxecto da subvención son determinados gastos derivados da execución das seguintes actividades recollidas no proxecto presentado pola entidade:

1. Selección de candidatos e valoración inicial. Utilizaranse os seguintes criterios:
 - Persoas con Discapacidade do noso Centro Especial de Emprego
 - Persoas con 65% de grado de discapacidade ou superior
 - Persoas con Grado de Dependencia igual ou superior a II
 - Idade superior a 21 anos (idade máxima Educación Especial)
 - Implicación, participación e apoio familiar.
 - Competencias laborais básicas.
 - Coñecementos básicos de lectoescritura.
2. Inscripción como demandantes de emprego ou formación no Servizo Público de Emprego de Galicia, para aquelas persoas beneficiarias que non o están.
3. Elaboración de itinerarios individualizados segundo as necesidades específicas de cada participante (idade, sexo, grao discapacidade, conduta, contorna social, deterioro etc.)
4. Implicación e participación de cada beneficiario en tódalas actividades desenvolvidas ao longo do seu itinerario como protagonista do seu proxecto de vida.
5. Promoción da autonomía persoal no ámbito das Novas Tecnoloxías (uso do correo electrónico, xestión de citas médicas, xestións bancarias, actividades de ocio, aplicacións de apoio ao emprego: ECATIC, MeFacilyta ...)
6. Orientación e seguimento dos itinerarios (colaboración co Servizo de Información e Orientación laboral de FADEMGa Plena Inclusión Galicia).
7. Participación en actividades e talleres de formación prelaboral que melloren as súas competencias e habilidades laborais desde distintos ámbitos:
 - Prevención de Riscos Laborais





XUNTA DE GALICIA

- Habilidades Sociais
 - Dereitos Deberes dos traballadores.
 - Resolución de Conflitos no ámbito prelaboral/laboral
 - Taller de habilidades comunicativas
 - Uso das novas tecnoloxías
 - Ferramentas e recursos de procura de emprego a través de Internet
 - Autoestima
 - Mellora do uso do transporte público e autonomía nos desprazamentos.
8. Dinamización de grupos para a mellora da comprensión lectora a través de grupos de Lectura Fácil e, a través deles, traballar aspectos fundamentais para a súa inclusión sociolaboral (*Emprego Personalizado*), como os seus dereitos e deberes como traballadores, prevención de riscos laborais, etc.
 9. Prácticas prelaborais en contornas laborais reais.
 10. Visitas a entornas laborais reais en empresas ordinarias, Centros Especiais de Emprego etc.
 11. Asistencia a eventos, feiras e xornadas relacionadas con emprego e formación.
 12. Procura de apoios naturais na súa contorna familiar, social, comunitaria, profesional, para a mellora da súa empregabilidade.
 13. Uso e implantación de sistemas alternativos de la comunicación para persoas con grandes dificultades de comunicación verbal e escrita. Comunicación alternativa e aumentativa.
 14. Activación para o emprego de maiores de 45 anos
 15. Tránsito á xubilación desde o ámbito laboral ou prelaboral
 16. Implicación das familias/referentes no desenvolvemento e valoración do itinerario personalizado.
 17. Prospección de empresas do mercado ordinario na procura de colaboración para o desenvolvemento de prácticas non laborais, experiencias laborais e/ou participación activa na adquisición de destrezas laborais no ámbito do proxecto.

SEGUNDA

A finalidade deste proxecto é o logro dun equilibrio e conciliación entre tres grandes obxectivos xerais: mellorar as posibilidades de inclusión sociolaboral, o fomento da autonomía e independencia persoal e a calidade de vida e benestar da persoa con discapacidade intelectual.

Como obxectivos específicos pódense citar os seguintes:

1. Obxectivos dirixidos á persoa con discapacidade intelectual
 - Promover a capacitación profesional e o desenvolvemento de habilidades relacionadas co ámbito da formación prelaboral, para facilitar un futuro acceso a outros recursos de formación e/ou emprego.
 - Incrementar a súa autonomía persoal e social, fomentando que alcancen logros persoais significativos.
 - Favorecer a súa participación nos recursos comunitarios, centros socioculturais, bibliotecas...
 - Favorecer a integración na sociedade da información, impulsando o acceso e a utilización das novas tecnoloxías para favorecer a comunicación, así como o acceso a unha formación máis ampla e a novas formas de traballo.
 - Desenvolver habilidades que permitan un adecuado grao de competencia e autogoberno dentro do ámbito social e persoal.



XUNTA DE GALICIA

- Incrementar a activación laboral das Persoas con Discapacidade Intelectual maiores de 45 anos
 - Desenvolvemento de actividades para facilitar o tránsito á xubilación de Persoas con Discapacidade Intelectual no ámbito prelaboral e laboral.
2. Obxectivos dirixidos á familia
- Proporcionar orientación, asesoramento, información e apoio.
 - Desenvolver actitudes que contribúan a favorecer a independencia e autodeterminación dos seus familiares adultos.
 - Favorecer a colaboración da familia co Centro.
 - Promover a implicación familiar no desenvolvemento do itinerario personalizado de cada un dos participantes.
 - Concienciación sobre as diferentes alternativas laborais para as Persoas con Discapacidade Intelectual participantes.
3. Obxectivos dirixidos aos profesionais
- Conseguir unha actuación planificada e coordinada desde un adecuado traballo en equipo.
 - Evitar a desmotivación dos profesionais, favorecendo un clima social propicio para as interaccións positivas
 - Proporcionar coñecementos, habilidades, competencias profesionais e actitudes que aseguren a prestación dunha atención integral cualificada.
 - Integración/coordinación con outros servizos especializados en materia de integración laboral das Persoas con Discapacidade Intelectual.
4. Obxectivos dirixidos ao contexto comunitario
- Promover a equiparación de oportunidades para unha participación activa das persoas con discapacidade intelectual nos distintos servizos, recursos e iniciativas da comunidade, articulando os apoios necesarios para iso.
 - Contribuír ao enriquecemento da propia comunidade desde a oportunidade que ofrecen a convivencia e as interaccións desde a diversidade.
 - Accións de sensibilización do entorno comunitario.

TERCEIRA

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

CUARTA

AGASFRA deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; sen prexuízo do anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 desa Lei.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos e actuacións, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.



XUNTA DE GALICIA

- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, a entidade beneficiaria presenta xunto co programa de actividades a desenvolver no convenio a seguinte documentación:

- Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.



XUNTA DE GALICIA

- Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma así como fronte á Seguridade Social.

SEXTA

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA

Para a realización das actividades obxecto do convenio a Consellería de Política Social achegará, como máximo, a contía de **210.530 euros**, con cargo ás seguintes aplicacións dos orzamentos da Consellería de Política Social para 2017:

APLICACIÓN	ORZAMENTO
12.04.312E.481.1	20.584 €
12.04.312E.481.22	189.946 €
TOTAL	210.530 €

a finalidade desta subvención é o financiamento de gastos de persoal e dos gastos correntes necesarios para a execución da actividade conveniada e das accións recollidas na cláusula primeira do texto do convenio, tales como: persoal de atención directa, persoal de servizos básicos, conservación e mantemento, subministracións, servizos alleos, gastos administrativos e de xestión ou alugueiros, estimándose que os gastos de persoal suporán ao redor dun 65% dos gastos do proxecto.

OITAVA

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á minoración do importe da subvención ou á devolución do importe correspondente, no caso de que aquelas superen o custo total da actividade subvencionada. En calquera caso, condiciónase a percepción da subvención por parte da entidade AGASFRA, á realización efectiva das actividades obxecto deste convenio.



XUNTA DE GALICIA

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución, nos supostos en que proceda, será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á entidade beneficiaria da subvención obxecto deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

NOVENA

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas neste apartado, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro (artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), circunstancia que o beneficiario deberá acreditar ante o órgano concedente previamente aos pagamentos, mediante as correspondentes certificacións expedidas polo órgano competente.

Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no último parágrafo desta cláusula.

Os pagos faranse na c/c nº IBAN ES97 0238 8103 1406 0007 4904 do Banco Pastor, da que é titular a Entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- a) Ata o 80% da contía total concedida, o pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais.

O beneficiario deberá achegar previamente a cada pagamento unha certificación de gastos e unha relación clasificada das facturas de gastos (con indicación do seu número, data, concepto e importe), acompañada das facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente e os xustificantes de pago das mesmas, tamén orixinais, (artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

- b) O 20% restante farase efectivo, unha vez rematadas todas as actuacións do convenio. A entidade deberá achegar previamente a este pagamento a seguinte documentación:



XUNTA DE GALICIA

- a. Certificación de gastos e unha relación clasificada por cada unha das partidas de gasto (persoal e gastos xerais) das facturas de gastos con indicación do seu número, data, concepto, importe e concepto de gasto á que se asigna. Esta relación acompañarase das facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente e os xustificantes de pago das mesmas, tamén orixinais, (artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- b. Certificación xustificativa da realización das actuacións para as que foi concedida a subvención, e da aplicación dos fondos percibidos para a finalidade do convenio.
- c. Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo programa, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- d. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos de acordo cos obxectivos e indicadores recollidos no programa de actividades. Así mesmo esta memoria incluírá unha referencia expresa ao número de persoas participantes que acadasen unha inserción laboral ou que fosen obxecto dunha promoción no seu posto de traballo.
- e. Balance de ingresos e gastos referido ao custo total do programa e asinado polo/a responsable da Entidade, no que se reflicta que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da subvención.

A Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación á xustificación do gasto, tendo en conta que calquera xustificación do gasto deberá realizarse como máximo **ata o día 15 de decembro de 2017**. Así mesmo, poderá comprobar, cando estime conveniente, a execución deste convenio.

DÉCIMA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos dende o día **dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 15 de decembro de 2017**. O convenio non é prorrogable.

DÉCIMA PRIMEIRA

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e co previsto na Disposición Adicional Primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.



XUNTA DE GALICIA

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Por outra banda AGASFRA adquire tamén os compromisos e obrigas de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.

DÉCIMA SEGUNDA

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais ós que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo, e a entidade obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, é en concreto, á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e ó Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

DÉCIMA TERCEIRA

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous/dúas representantes designados/as pola entidade beneficiaria e dous/dúas representantes da Consellería de Política Social, subdirector/a xeral e xefe/a de servizo, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos/das representantes da administración, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

Esta comisión someterase como órgano colexiado ao disposto para eles nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e nos artigos 14 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

DÉCIMA CUARTA

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse, segundo o disposto no artigo 4.2, e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses si se tratase dun acto presunto segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o/a solicitante e outros posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL

O PRESIDENTE DA ENTIDADE

José Manuel Rey Varela

Eladio Fernández Pérez